

DECRETO

Vista a Resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 12 de xuño de 2018, pola cal se nos concede unha axuda para a contratación de cinco persoas traballadoras: un peón da construción de edificios e catro peóns da horticultura, xardinería ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG 12.01.2018 NUM.9) pola que se estableceron as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA.

Vista a resolución desta alcaldía de 20 de xuño de 2018, pola que se aprobaban as bases da convocatoria deste proceso selectivo e dado que os datos das posibles persoas candidatas dos que dispuña a Oficina de Emprego de Tui, unha vez realizada a sondaxe, detectouse que non estaban actualizados. Solicitouse á devandita Oficina unha ampliación da sondaxe co obxecto de que poidan participar nestes procesos selectivos o maior número de persoas candidatas posible.

Vista a resolución desta alcaldía de 25 de xuño de 2018, pola que se aprobaron as bases complementarias desta convocatoria polas que se establecía un novo prazo de presentación de solicitudes para as persoas candidatas deste proceso selectivo incorporadas no mesmo tras a ampliación da listaxe inicial destas persoas enviada pola Oficina de emprego de Tui.

Visto que algunha das persoas que aparecían na primeira listaxe enviada pola Oficina de Emprego de Tui, cuxo prazo de presentación de instancias rematou o 26 de xuño de 2018, lles chegou por correos a carta da convocatoria con posterioridade a esa data e que o prazo de presentación de instancias establecido nas bases complementarias é do 25 ao 29 de xuño de 2018. E en aras de facilitar a maior participación posible das persoas candidatas.

Por estas razóns en uso das facultades que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local de 2 de abril, o artigo 24 do RD Lexislativo 781/1986, de 28 de novembro, e o 61 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

1. Admitir as instancias presentadas por calquera das persoas convocadas para estas prazas pola Oficina de Emprego de Tui, con data límite do 29 de xuño de 2018 ás 13:00 horas.

Persoas ás que lles serán de aplicación as bases complementarias aprobadas por resolución desta alcaldía de 25 de xuño de 2018.

O que se fai público para xeral coñecemento.

A Alcaldesa, Sandra González Álvarez.

Asinado en Tomiño, por sinatura dixital certificada ó marxe do presente documento.